

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación da modificación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.



4. O GDR 18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación	Data remisión Agader, nº entrada	
06/03/2025	10/07/2023	2023/2015464
	10/03/2025	2025/674689

5. En data 19/01/2026 (nº de entrada 2026/135604) o GDR 18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa remitiu á Axencia solicitude de modificación das normas de xestión da súa estratexia, no referente ao límite máximo de axuda pública dos proxectos de natureza produtiva, pasando de 120.000,00€ a 150.000,00€.

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F).



O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 18 Asociación de Desenvolvemento Local Deloa conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia, 56, Laraño
Tfo +34 981 547 354



e libre concorrancia, aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

A modificación proposta adecúase igualmente ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprrobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 18 Asociación de desenvolvemento Local Deloia que figuran como anexo deste documento coas modificacións propostas.

Na data da sinatura electrónica

A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural

Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)

A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia, 56, Laraño
Tfo +34 981 547 354



PLAN E NORMAS PARA A XESTIÓN DA ESTRATEXIA

O GDR seleccionará proxectos que sexan encadrables na súa estratexia, segundo os obxectivos do seu programa de desenvolvemento local, e de acordo coas bases reguladoras e co Réxime de Axudas do programa Leader.

O procedemento de selección dos proxectos, será non discriminatorio, transparente e con criterios obxectivos.

Asegurarase sempre a libre concorrancia dos interesados, mediante convocatoria pública, ata o límite da dispoñibilidade orzamentaria anual.


Todo promotor interesado en iniciar un proxecto no territorio do GDR, será atendido na sede da Asociación de Desarrollo Local Deloa (Esclavitude, Padrón).

Nun primeiro contacto o promotor describirá a idea de proxecto, na orde de identificar a axuda mais vantaxosa segundo as características do mesmo, e desta maneira confrontar se o programa Leader é o mais adecuado.

O GDR facilitará ao promotor información sobre o programa Leader.

A sede do equipo técnico do proxecto, terá un horario de mañá e de tarde. Nos meses de verán o horario será soamente de mañá.

O proceso de selección de proxectos seguirá a seguinte secuencia:



LÍMITES DE AXUDA PÚBLICA MÁXIMA.

APOIO PARA A REALIZACIÓN DE OPERACIÓNS CONFORME A EDLP

PROXECTOS PRODUTIVOS

Terán a consideración de proxectos produtivos, aqueles que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación e/ou mantemento de emprego.

- ✓ A **porcentaxe máxima de axuda** será do 50% do gasto subvencionable, agás naqueles casos nos que se estableza outra porcentaxe máxima no Réxime de Axudas.
- ✓ **Importe máximo de axuda:** 150.000 euros.

PROXECTOS AO ABEIRO DO BONO ACTIVA RURAL (REGRAS ESPECIAIS)

O **Bono Activa Rural** está destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais. A axuda está vinculada ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial, con viabilidade económica e técnica, presentado pola persoa seleccionada durante polo menos 5 anos.

Os proxectos que se beneficien desta modalidade de axuda concorrerán cos demais proxectos de natureza produtiva.

As persoas beneficiarias desta tipoloxía de proxectos son as persoas físicas, que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual en que polo menos creen o seu posto de traballo, sempre e cando non estivesen dadas de alta no réxime de autónomos na mesma actividade para a que se solicita a axuda nos últimos tres anos e que opten por esta modalidade de axuda na correspondente solicitude de axuda, a través do recadro que se habilitará para o efecto.

- ✓ A **puntuación mínima** que deberán acadar e de **20 puntos** no baremo, correspondendo unha **axuda de 15.000 euros**.
- ✓ Cunha **puntuación maior ou igual a 80 puntos**, o importe de **axuda é de 18.000 euros**.

Para puntos intermedios, a partir de 20 puntos, incrementarase a axuda adicionalmente en 50 euros, por cada punto obtido no baremo.



PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Para estes efectos, terán a consideración de proxectos non produtivos aqueles promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica. No suposto de que o proxecto constitúa unha actividade económica, por si mesmo ou de maneira coadxuvante, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro. En todo caso, exixirase que os proxectos non produtivos teñan un interese público ou colectivo, é dicir, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito o conxunto da poboación en xeral.

- **A porcentaxe máxima de axuda** será de ata o 90% do gasto subvencionable, no caso dos proxectos non produtivos de prioridade alta, de ata o 70% do gasto subvencionable nos de prioridade media e de ata o 50% do gasto subvencionable no resto de proxectos non produtivos.
- **Importe máximo de axuda:**
 - a. **Proxectos non produtivos de prioridade alta:** 120.000 euros.
 - b. **Proxectos non produtivos de prioridade media:** 80.000 euros.
 - c. **Proxectos non produtivos de prioridade baixa:** 50.000 euros.

De cara a delimitar os límites de axuda pública máxima, establécense as seguintes categorías de priorización dos proxectos non produtivos:

1) **Proxectos non produtivos de prioridade alta. Intensidade de axuda ata o 90%.**

- ✓ **Proxectos que fomenten a inclusión social**, mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración de comunidades marxinais e de inmigrantes, o coidado de persoas maiores e a promoción dun envellecemento activo e saudable, así como a posta en marcha de espazos/servizos multifuncionais e interxeneracionais.



- ✓ **Investimentos ligados a aldeas intelixentes** (smart villages), así como os proxectos que se executen en **aldeas modelo** ou en desenvolvemento dos instrumentos contidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
- ✓ **Mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como o seu uso no medio rural**, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación en xeral, uso da “internet das cousas” e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas.
- ✓ Actuacións encamiñadas a **preservar o medioambiente**, a **bioeconomía** e a **economía circular**, a **loita contra o cambio climático e transición enerxética**, así como a **garda da biodiversidade**. Todo este tipo de actuacións encádranse na meta da transición cara unha economía e sociedade sustentable e, se ben, existe unha crecente sensibilidade e compromiso social con esta transición, tal e como se expresa nos consultorios, os actores sociais apostan por un empuxe decidido para a súa implementación no territorio.

2) Proxectos non produtivos de prioridade media. Intensidade de axuda ata o 70%.

- ✓ Actuacións de **recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica**, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural. Se ben durante o proceso de participación subliñase, en tódalas accións de consulta e debate, a importancia do patrimonio cultural, paisaxístico e etnográfico do territorio, estamos nunha tesitura de redución de fondos e necesidade de priorización. Neste caso, valoramos neste período este tipo de actuacións con prioridade media, dado o esforzo continuado que se realizou nestes ámbitos nos anteriores períodos LEADER, e para priorizar a transición ecolóxica no conxunto da sociedade local.
- ✓ **Infraestruturas de lecer**: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio. Durante o proceso de participación non se menciona con especial énfase a necesidade de infraestruturas de lecer, e si máis todo tipo de infraestrutura e servizo, en xeral, que sexa deficitario nas zonas máis rurais do territorio. Atendendo a esta demanda de servizos no rural, establecemos este tipo de actuacións complementarias aos servizos e actuacións básicas apuntadas no primeiro epígrafe.



3) Outros proxectos non produtivos. Intensidade de axuda ata o 50%.

- ✓ Tódolos proxectos non recollidos nos dous puntos anteriores que poidan ser elixibles dacordo coa estratexia e teñan a natureza de non produtivos.

PUNTUACIÓN MÁXIMA

Proxectos Produtivos: Será de 100 puntos.

Proxectos non Produtivos: Será de 100 puntos.

PUNTUACIÓN MÍNIMA

Proxectos Produtivos: Será de 20 puntos, sobre un total de 100.

Proxectos non Produtivos: Será de 20 puntos, sobre un total de 100.

PORCENTAXE DE SUBVENCIÓN

Porcentaxes en proxectos produtivos:

Porcentaxe mínima 20%. Esta porcentaxe acadarase cunha puntuación de 20 puntos.

Porcentaxe máxima: 50%. Esta porcentaxe acadarase cunha puntuación de 80 ou mais puntos.

Porcentaxes en proxectos non produtivos.

Para os proxectos non produtivos establecerase unha escala de porcentaxes de axuda diferente para cada unha das categorías de priorización dos proxectos.

Porcentaxes en proxectos non produtivos de prioridade alta:

Porcentaxe mínima: 60%. Esta porcentaxe acadarase cunha puntuación de 20 puntos.

Porcentaxe máxima: 90%. Esta porcentaxe acadarase cunha puntuación de 80 ou mais puntos.

Porcentaxes en proxectos non produtivos de prioridade media:

Porcentaxe mínima: 40%. Esta porcentaxe acadarase cunha puntuación de 20 puntos.

Porcentaxe máxima: 70%. Esta porcentaxe acadarase cunha puntuación de 80 ou mais puntos.

Porcentaxes noutros proxectos non produtivos:

Porcentaxe mínima: 30%. Esta porcentaxe acadarase cunha puntuación de 20 puntos.

Porcentaxe máxima: 50%. Esta porcentaxe acadarase cunha puntuación de 80 ou mais puntos.



COOPERACIÓN

A dotación orzamentaria de que dispoña o GDR en proxectos de cooperación estará recollida individualmente no convenio de colaboración que se subscriba coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Este importe representará unha porcentaxe do 5% da asignación total que lle corresponda ao GDR.

AXUDAS PARA A XESTIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA

Para a correcta aplicación da estratexia de desenvolvemento local e para o cumprimento das súas funcións, o GDR dotarase dos medios persoais e materiais axeitados. Os gastos nos que incorra estarán, dentro dos límites do cadro financeiro que figure como anexo ao convenio de colaboración que se asine con Agader e de acordo cos importes máximos autorizados por Agader anualmente, de acordo co disposto nas bases de selección de programas e de GDR.

Porcentaxe máximo da axuda.

Regra Xeral: ata o 100% sobre o gasto subvencionable.

ANIMACIÓN E PROMOCIÓN TERRITORIAL

Comprende os gastos necesarios en que incorre o GDR para a promoción e difusión do seu territorio e da súa EDL.

Os gastos destinados a animación e promoción territorial financiaranse dentro dos límites do cadro financeiro anexo ao convenio de colaboración que asine o GDR con AGADER, e de acordo cos importes máximos autorizados por Agader anualmente de acordo co disposto nas bases de selección de programas e de GDR.

Porcentaxe máximo da axuda.

Regra Xeral: ata o 100% sobre o gasto subvencionable.



CRITERIOS PARA A SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DE PROXECTOS. XUSTIFICACIÓN

O desenvolvemento duns criterios de baremación de proxectos pretende ser un medio de creación dun consenso en torno á estratexia a desenvolver no territorio, facilitando o logro dos obxectivos establecidos. Os criterios de baremación transfórmanse así en instrumentos de desenvolvemento, equilibrio, mobilización e cohesión.

A estratexia de desenvolvemento que se pretende aplicar parte duns obxectivos a alcanzar, polo o que o proceso de selección de proxectos vaise converter nunha ferramenta esencial.

Estes criterios de selección de proxectos contribuirán a un mellor seguimento do programa, ao determinar en que medida cos mesmos se contribuíu ao desenvolvemento da estratexia marcada.

PRINCIPIOS BÁSICOS DA BAREMACIÓN

- ✓ Equidade Horizontal. Como elemento que permite que proxectos que se atopen en situación obxectivamente similar, reciban unha valoración semellante.
- ✓ Equidade vertical. Como elemento que trate de reflectir que proxectos en situación diferente obteñan un tratamento diferenciado en canto a súa avaliación.

REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE XERAIS

- ✓ Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación do Programa de Desenvolvemento Rural do GDR 18.
- ✓ Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal, autonómica e local) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto e ás bases reguladoras das subvencións que se diten para o efecto.
- ✓ Ser finalista, é dicir, que a data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
- ✓ Que o investimento para o cal se solicita a axuda non estea iniciado na data da presentación da solicitude de axuda. Para estes efectos, considérase como inicio do investimento o comezo dos traballos de construción, ou ben o primeiro compromiso en firme para a petición dos equipamentos ou outro compromiso que faga o investimento irreversible e que vincule xuridicamente ao solicitante, se esta data é anterior. Porén, a compra de terreos e os traballos preparatorios, como a



obtención de permisos e a realización de estudos de viabilidade, non terán a consideración de inicio dos traballos.

- ✓ Viabilidade: o proxecto debe ser viable técnica, económica e financeiramente, para os procesos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos.
- ✓ Adecuación do proxecto á estratexia de desenvolvemento local definida polo GDR.
- ✓ Exclusión por mínimos de puntos: Quedarán excluídos aqueles proxectos que non alcancen a puntuación mínima esixida.

REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE ESPECÍFICOS DO PROGRAMA: LIMITACIÓNS SECTORIAIS INCLUIDAS NA ESTRATEXIA

Tendo en conta o carácter transversal do programa Leader, cómpre establecer limitacións sectoriais concretas por razóns de complementariedade e de coherencia con outras intervencións públicas que incidan sobre o territorio rural galego. Por outra parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá solicitar informes e asinar convenios de colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, coa finalidade de garantir a citada coherencia e complementariedade entre as diferentes liñas de axudas e intervencións públicas.

Tendo isto en conta, establécense as seguintes limitacións sectoriais:

1. Quedan excluídos aqueles **investimentos promovidos polas entidades públicas locais** relacionados coa **prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril**, reguladora das bases do réxime local, así como os **servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima** previstos no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
2. Os proxectos de **sinalización territorial** quedan excluídos. Os proxectos de sinalización turística promovidos polos GDR limitaranse ás condicións e requisitos establecidos no artigo 44.f) desta resolución.
3. Para os investimentos en **establecementos turísticos** e para os investimentos en **actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalaría** rexerá o convenio de colaboración que se asine entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Turismo de Galicia.
4. Para os investimentos no **sector das enerxías renovables** queda excluído de financiamento a través do programa Leader calquera tipo de investimento en enerxías renovables cuxo destino ou finalidade principal sexa a venda á rede.



5. Creación, modernización e/ou ampliación de establecementos comerciais polo miúdo:

Terase en conta a existencia ou non de establecementos comerciais polo miúdo, no lugar do emprazamento do proxecto, co obxecto de non saturar unha mesma actividade nun lugar de emprazamento concreto, o que se acreditará mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, do número de establecementos que existen dados de alta no mesmo epígrafe do IAE, no núcleo ou entidade singular onde se pretenda emprazar.

- a. Con carácter xeral existen as **seguintes restricións ao financiamento de proxectos en tódolos núcleos, tanto para a creación, como para a modernización e ampliación de establecementos comerciais polo miúdo**. O criterio que se utiliza é o epígrafe do IAE. Acreditarase mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, do número de establecementos que existen dados de alta no mesmo epígrafe do IAE, no núcleo ou entidade singular onde se pretenda emprazar.

As actividades que quedan excluídas de financiamento en tódolos núcleos son as seguintes:

DIVISION 6. COMERCIO, RESTAURANTES, HOSPEDAXE, REPARACIÓNS			
EPÍGRAFE	DESCRICIÓN	EPÍGRAFE	DESCRICIÓN
643.1	COM.MEN.PEIXES	663	COM. FÓRA DUN ESTABLECEMENTO
643.2	COM.MEN.BACALLAU E SALAZÓNS	663.1	COM.MEN.PTOS.ALIMENTICIOS SEN ESTABLEC.
646.1	COM.MEN.TABACOS EN EXPENDIDURIA	663.2	COM.MEN.TÉXTILES E CONFEC. SEN ESTABLEC.
646.2	COM.MEN.TABACO EXTENSIÓNS TRANSITORIAS	663.3	COM.MEN.CALZADO SEN ESTABLECEMENTO
646.3	COM.MEN.TABACO EXPENDIDURIAS COMPLEMENT.	663.4	COM.MEN.DROGUERIA SEN ESTABLECEMENTO
646.4	COM.MEN.TABACO CON VENDA POR RECARGA	663.9	COM.MEN.OUTRAS MERCANCÍAS SEN ESTABLECIM.
646.5	COM.MEN.TABACO MAQUINAS AUTOMATICAS	664.1	VENDA ARTICULOS DIVERSOS EN EXPOSITORES
646.6	COM.MEN.TABACOS VENDA NON ESTANCADA	664.9	COM.MEN.ART.DIVERSOS EN MAQUINAS
646.7	COM.MEN.ARTICULOS FUMADORES POR MINUSV.	665	COM.MEN.POR CORREO Ou CATALOGO
646.8	COM.MEN. ARTICULOS PARA FUMADORES	672.1	CAFETERIAS TRES CUNCAS
652.1	FARMACIAS	672.2	CAFETERIAS DÚAS CUNCAS
654.1	COM.MEN.VEHICULOS TERRESTRES	672.3	CAFETERIAS DUNHA CUNCA
654.3	COM.MEN.VEHICULOS AEREOS	673.1	BARES CATEGORIA ESPECIAL
654.4	COM.MEN.VEHICULOS FLUVIAIS E MARITIMOS	673.2	OUTROS CAFES E BARES
655.1	COM.MEN.COMBUSTIBLES TODAS CLASES	674.1	CAFE-BAR EN VEHICULO
655.2	COM.MEN.GASES COMBUSTIBLES	674.2	CAFE-BAR EN FERROCARRÍS
655.3	COM.MEN.CARBURANTES E ACEITES VEHICULOS	674.3	CAFE-BAR EN BARCOS
656	COM. MEN. DE BENS USADOS	674.4	CAFE-BAR AERONAVES
659.1	COM.MEN.SELOS,MOEDAS,MEDALLAS,COLECC.	674.5	CAFE-BAR SOCIEDADES,CASINOS,CLUBS...
661.1	COM.MEN.GRANDES ALMACÉNS	674.6	CAFE-BAR TEATROS E CINEMAS
661.2	COM.MEN.EN HIPERMERCADOS	674.7	SERVIZOS EN PARQUES Ou RECINTOS FEIRAIS
661.3	COM.MEN.ALMACÉNS POPULARES	675	CAFES-BARES EN QUIOSCOS,CAIXÓNS,BARRACAS
662.2	COM.MEN.TODA CLASE ART. NOUTROS LOCAIS	677.9	OUTROS SERV. ALIMENTACION – RESTAURACION
		699	OUTRAS REPARACIÓNS NCOP



- b. Para a **creación de establecementos comerciais polo miúdo**, con IAE diferentes aos indicados no apartado anterior, poderanse apoiar todo tipo de proxectos, sempre e cando poidan ser subvencionados a través das liñas de axudas do programa Leader 2023-2027, e en núcleos de poboación de menos de 500 habitantes, nos que non exista ningunha outra empresa dada de alta no mesmo epígrafe do IAE.
- c. Naqueles núcleos cunha poboación igual ou superior a 500 habitantes (Boiro, A Pesqueira, Escarabote, Escarabotíño, Creo, O Maio, Louro, Muros, Baño, Lestrobe, Barro, Noia, A Serra de Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Portosín, Porto do Son, Rianxo, Aguiño, Artes, Carreira, Castiñeiras, Corrubedo, San Martiño, Palmeira e Santa Uxía de Ribeira), permitírase sempre e cando non existan máis de tres empresas¹ dadas de alta no mesmo epígrafe do IAE.

CONCELLO	NÚCLEO	HABITANTES
BOIRO	BOIRO	8.858
BOIRO	A PESQUEIRA	1.189
BOIRO	ESCARABOTE	618
BOIRO	ESCARABOTIÑO	562
MUROS	CREO	562
MUROS	O MAIO	678
MUROS	LOURO	823
MUROS	MUROS	1.545
MUROS	BAÑO	526
DODRO	LESTROBE	567
NOIA	BARRO	502
NOIA	NOIA	8.320
OUTES	A SERRA DE OUTES	1.115
PADRÓN	PADRÓN	3.015
POBRA DO CARAMIÑAL, A	A POBRA DO CARAMIÑAL	4.074
PORTO DO SON	PORTOSÍN	606
PORTO DO SON	PORTO DO SON	1.964
RIANXO	RIANXO	3.399
RIBEIRA	AGUIÑO	2.856
RIBEIRA	ARTES	503
RIBEIRA	CARREIRA	1.342
RIBEIRA	CASTIÑEIRAS	1.298
RIBEIRA	CORRUBEDO	632
RIBEIRA	SAN MARTIÑO	653
RIBEIRA	PALMEIRA	1.884
RIBEIRA	SANTA UXÍA DE RIBEIRA	13.545

^{1, 2, 3, 4} No cómputo das tres empresas non está incluído o promotor do proxecto.



- d. Para a **modernización e/ou ampliación de establecementos comerciais polo miúdo**, con IAE diferentes aos indicados no apartado a, poderanse apoiar todo tipo de proxectos, sempre e cando poidan ser subvencionados a través das liñas de axudas do programa Leader 2023-2027, e permitirase naqueles núcleos nos que non existan máis de tres empresas² dada de alta no mesmo epígrafe do IAE.
- e. O promotor deberá acreditar, mediante informe do Concello o outro método acreditativo similar, que non existe ningún outro ou máis de tres tipos de establecementos dados de alta nese epígrafe do IAE no **núcleo** onde se pretenda emprazar.

6. Creación, modernización e/ou ampliación de empresas de servizos e actividades profesionais

Terase en conta a existencia ou non de empresas de servizos e actividades profesionais, no lugar do emprazamento do proxecto, co obxecto de non saturar unha mesma actividade nun lugar de emprazamento concreto, o que se acreditará mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, do número de establecementos que existen dados de alta no mesmo epígrafe do IAE, no núcleo ou entidade singular onde se pretenda emprazar.

- a. Con carácter xeral existen as **seguintes restricións ao financiamento de proxectos en tódolos núcleos, tanto para a creación, como para a modernización e ampliación de empresas de servizos e actividades profesionais**. O criterio que se utiliza é o epígrafe do IAE. Acreditarase mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, do número de establecementos que existen dados de alta no mesmo epígrafe do IAE, no núcleo ou entidade singular onde se pretenda emprazar.



As actividades que quedan excluídas de financiamento en tódolos núcleos son as seguintes:

DIVISION 7. TRANSPORTE E COMUNICACIONS					
EPÍGRAFE	DESCRICIÓN		EPÍGRAFE	DESCRICIÓN	
711.1	TTE.FERROVIARIO DE VIAXEIROS VIA NORMAL		753.5	EXPLOTACION INTEGRAL DE AEROPORTOS	
711.2	TTE.FERROVIARIO MERCACIAS VIA NORMAL		753.9	OUTROS SERV. ANEXOS Ao TTE. AEREO NCOP	
712.1	TTE.FERROVIARIO VIAXEIROS VIA ESTREITA		754.1	DEPOSITOS E ALMACÉNS XERAIS	
712.2	TTE.FERROVIARIO MERCANCIAS VIA ESTREITA		754.2	DEPOSITOS E ALMACÉNS DE VEHICULOS	
721.1	TTE. URBANO COLECTIVO		754.3	SILOS E OUTROS ALMACÉNS DE GRANS	
721.2	TTE. POR AUTOTAXIS		754.4	ALMACÉNS FRIGORIFICOS	
721.3	TTE. VIAXEIROS POR ESTRADA		754.5	ALMACÉNS E DEPOSITOS DE LIQUIDOS	
721.4	TRANSPORTE SANITARIO EN AMBULANCIAS		754.6	GUARDAMOBLES	
722	TTE. MERCANCIAS POR ESTRADA		754.9	OUTROS DEPOSITOS ESPECIAIS NCOP	
729.1	TTE. FERROCARRIL DE CREMALLEIRA		756.1	AXENCIAS DE TTE., TRANSITARIOS	
729.2	TTE. TELEFERICOS E FUNICULARES		756.2	CONSIGNATARIOS DE BUQUES	
729.3	OUTROS SERVIZOS DE TTE. TERRESTRE		756.9	OUTROS SERVIZOS DE MEDIACION DO TTE.	
731.1	TTE. MARITIMO INTERNACIONAL PASAXEIROS		761.1	SERVIZOS DE TELEFONIA FIXA	
731.2	TTE. MARITIMO INTERNACIONAL MERCANCIAS		761.2	SERVIZOS DE TELEFONIA MOVIL	
732.1	TTE. MARITIMO INTERNACIONAL PTOS PETROL.		711	ACTUARIOS DE SEGUROS	
732.2	TTE. CABOTAXE PTOS. PETROLIFEROS E GAS		712	AXENTES E CORREDORES DE SEGUROS	
732.3	TTE. VIAS NAVEGABLES INTERIOR PETROL E G		721	AXENTES COLEXIADOS PROPIEDAD IND.E INMOB	
733.1	TTE. CABOTAXE E VIAS INTERIOR VIAXEIROS		722	XESTORES ADMINISTRATIVOS	
733.2	TTE. CABOTAXE E VIAS INTERIOR MERCANCIAS		723	ADMINISTRADORES DE FINCAS	
733.3	TRANSBORDADORES, FERRY BOATS E SIMIL		724	INTERMEDIARIOS PROMOCION EDIFICACIÓNS	
733.4	TTE.MARITIMO PASAXEIROS EN JET-FOIL		725	HABILITADOS DE CLASES PASIVAS	
741.1	TTE. AEREO NACIONAL DE VIAXEIROS		726	GRADUADOS SOCIAIS	
741.2	TTE. AEREO NACIONAL MERCANCIAS		727	AXENTES Ou INTERMEDIARIOS PRESTAMOS	
741.3	TTE. AEREO INTERNACIONAL DE VIAXEIROS		728	AXENTES DE ADUANAS	
741.4	TTE. AEREO INTERNACIONAL MERCANCIAS		731	AVOGADOS	
742.1	TTE. AEREO NACIONAL VIAXEIROS		732	PROCURADORES	
742.2	TTE. AEREO NACIONAL DE MERCANCIAS		733	NOTARIOS	
742.3	TTE. AEREO INTERNAC.VIAXEIROS CHARTER		734	REXISTRADORES	
742.4	TTE. AEREO INTERNAC. MERCANCIAS CHARTER		741	ECONOMISTAS	
751.4	EXPLOTACION AUTOESTRADAS E TUNELES PEAXE		742	INTENDENTES E PROFESORES MERCANTÍS	
751.6	SERVIZOS DE CARGA E DESCARGA MERCANCIAS		743	PERITOS MERCANTÍS	
752.1	SERVIZOS PILOTAXE E PRACTICOS PORTOS		744	DIPLOMADOS EN CIENCIAS EMPRESARIAIS	
752.2	SERVIZOS TRANSBORDO DE BARCOS		746	CORREDORES DE COMERCIO LIBRES	
752.3	SERVIZOS DE REMOLQUE DE NAVIOS		747	AUDITORES DE CONTAS E CENSORES XURADOS	
752.4	SERVIZOS LIMPEZA E DESINFECCION BARCOS		748	ADMINISTRADORES DE CARTEIRAS DE VALORES	
752.5	SERV. SALVAMENTO E RECUPERACION BARCOS		749	CORREDORES INTERPRETES E MARITIMOS	
752.6	SERVIZOS CARGA E DESCARGA DE BUQUES		751	PROFESIONAIS PUBLICIDADE, RELAC.PUBLICAS	
752.7	EXPLOTACION DE PORTOS,CANLES E DIQUES		761	DOUTORES E LICENCIADOS EXACTAS E ESTAD.	
752.8	SERV. SINAIAS MARITIMAS E COSTEIRAS		762	DOUTORES,LICENCIADOS,ENXEÑEIROS INFORMAT	
753.1	TERMINAIS LINEAS TTE. AEREO AEROPORTOS		763	PROGRAMADORES E ANALISTAS INFORMATICA	
753.2	SERVIZO DE CONTROL DE NAVEGACION AEREA		764	DIPLOMADOS EN INFORMATICA	
753.3	SERV. HANGARES E ESTACIONAMENTO AVIÓNS		765	GRAVADORES, E OUTROS PROF. INFORMATICA	
753.4	SERV. REMOLQUE, E MANTEMENTO AVIÓNS		771	AXENTES COBRADORES	



DIVISION 8. INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS, SEGUROS, SERVIZOS PRESTADOS ÁS EMPRESAS E ALUGUEIROS

EPÍGRAFE	DESCRICIÓN	EPÍGRAFE	DESCRICIÓN
811	BANCA	849.4	SERV. CUSTODIA, SEGURIDADE E PROTECCION
812	CAIXAS DE AFORRO	849.5	SERVIZOS MENSAJERIA, RECADER., E REPARTICIÓ
819	OUTRAS INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS	849.6	SERV.COLOCACION E SUBMINISTRACIÓN DE PERSOAL
819.1	INSTITUCIÓNS DE CREDITO	849.8	MULTISERVICIOS INTENSIVOS EN PERSOAL
819.2	ESTABLECEMENTOS FINANCEIROS DE CREDITO	849.9	OUTROS SERVIZOS INDEPENDENTES NCOP
819.3	ESTABLEC.FINANCEIROS CREDITO "PRESTAMOS"	851	ALUGUEIRO MAQUINARIA E EQUIPO AGRICOLA
819.4	ESTABLEC.FINANCEIROS CREDITO "FACTORING"	852	ALUGUEIRO MAQUINARIA E EQUIP. CONSTRUCC.
819.5	ESTABLEC.FINANCEIROS CREDITO "ARRENDAM."	853	ALUGUEIRO MAQ. E EQUIPO CONTABLE
819.6	ENTIDADES DE CAMBIO DE MOEDA	854	ALUGUEIRO AUTOMOVILES SEN CONDUTOR
819.9	OUTRAS ENTIDADES FINANCEIRAS NCOP	854.1	ALUGUEIRO AUTOMOVILES SEN CONDUTOR
821.1	SEGUROS DE VIDA	854.2	ALUGUEIRO AUTOMOVILES EN "RENTING"
821.2	SEGUROS DE CAPITALIZACION	855.1	ALUGUEIRO DE AERONAVES DE TODAS CLASES
821.3	SEGUROS MIXTOS DE VIDA E CAPITALIZACION	855.2	ALUGUEIRO DE EMBARCACIÓNS
822.1	SEGUROS DE ASISTENCIA SANITARIA	855.3	ALUGUEIRO DE BICICLETAS
822.2	SEGUROS DE ENTERRO	855.9	ALUGUEIRO OUTROS MEDIOS TRANSP. N.C.Ou.P.
822.3	SEGUROS DE DANOS MATERIAIS	856.1	ALUGUEIRO DE BENS DE CONSUMO
822.4	SEGUROS DE TRANSPORTES	856.2	ALUGUEIRO DE PELICULAS DE VÍDEO
822.9	OUTROS SEGUROS	857.1	ALUGUEIRO DE APARELLOS DE MEDIDA
823	OUTRAS ENTIDADES ASEGURADORAS	857.2	SERV.DE PESA A MEDIDA SEN ALUGUEIRO
831.1	SERV.COMPRA-VTA. DE VALORES MOBILIARIOS	857.3	ALUGUEIRO CONTADORES PARA AUTOMOVILES
831.2	SER. FINANC. CONTRATACION PRODUTOS	857.4	ALUGUEIRO, LAC., CONS., CONTADORES DE LUZ
831.3	SERV. DE COMPENSACION BANCARIA	857.5	LECTURA E CONS. CONTADE. LUZ TANTO ALZADO
831.9	OUTROS SERVIZOS FINANCEIROS NCOP	857.6	ALUGUEIRO, LAC. E CONS. CONTADORES GAS
832.1	AXENCIAS DE SEGUROS E CORREDURIAS	857.7	LECTURA E CONS. DE CONTADORES DE GAS
832.2	SERV. TASACION E TARIFICACION SEGUROS	857.8	ALUGUEIRO, LAC. E CONS. CONTADORES AUGA
832.9	OUTROS SERV. AUXILIARES DE SEGUROS	857.9	LECTURA E CONS. DE CONTADORES DE AUGA
833.1	PROMOCION INMOBILIARIA DE TERREOS	859	ALUGUEIRO OUTROS BENS MOBLES NCOP
833.2	PROMOCION INMOBILIARIA DE EDIFICACIÓNS	861.1	ALUGUEIRO DE VIVENDAS
834	SERV. PROPIEDAD INMOBILIARIA E INDUSTRIA	861.2	ALUGUEIRO LOCAIS INDUSTRIAIS
843.6	INSPECCION TECNICA DE VEHICULOS	862	ALUGUEIRO INMOBLES RUSTICOS
843.9	OUTROS SERVIZOS TECNICOS NCOP	821	PERSOAL DOCENTE ENSINO SUPERIOR
847	SERV.INTEGRAIS DE CORREOS E TELECOMUNIC	822	PERSOAL DOCENTE ENSINO MEDIO
849.1	COBRANZAS DE DÉBEDAS E CONFECCION FACTURAS	823	DOCENTES ENSINO Xrl. BASICA
849.2	SERV. MECANOGRAFICOS, TAQUIGRAFICOS, ETC	824	PROFESORES FORMACION PROFESIONAL
849.3	SERV. TRADUCCION E SIMILARES	825	PROFESORES CONDUCCION VEHICULOS



DIVISION 9. OUTROS SERVICIOS					
EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN		EPÍGRAFE	DESCRIPCIÓN	
921.8	SERV. ADMON. CEMITERIOS		969.3	XOGOS DE BINGO	
921.9	OUTROS SERVICIOS DE SANEAMENTO N.C.Ou.P.		969.4	MAQUINAS RECREATIVAS E DE AZAR	
931.2	ENSINO DE EDUCACION BASICA		969.5	XOGOS BILLAR, PING-PONG, BIRLOS E OUTROS	
931.3	ENSINO BACHARELATO, F.P., E C.Ou.U.		969.6	SALÓNS RECREATIVOS E DE XOGO	
931.4	ENSINO REGRADO (PREESC,EGB,BUP,FP,COU		969.7	OUTRAS MAQUINAS AUTOMATICAS	
931.5	ENSINO DE EDUCACION SUPERIOR		971.1	TINGUIDURA,LIMP. SECO, LAVADO E PASADO O FERRO	
932.1	ENSINO FORMACION PROF. NON SUPERIOR		971.2	LIMPEZA E TINGUIDO DO CALZADO	
932.2	ENSINO FORM. PROFESIONAL SUPERIOR		979.1	SERV. POMPAS FUNEBRES	
933.1	ENSINO CONDUCCION VEHICULOS		979.2	ADORNO DE TEMPLOS E OUTRAS LOCAIS	
933.2	PROMOC. CURSOS E ESTUDOS NO EXTRANJ.		979.3	AXENCIAS MATRIMONIAIS E OUTROS SERVICIOS	
934	ENSINO FORA ESTABLECEMENTO PERMANENTE		979.9	OUTROS SERVICIOS PERSOAIS NCOP	
935.1	COLEXIOS MAIORES		981.1	CURIOSIDADES EN PARQUES, GRUTAS, ...	
935.2	RESIDENCIAS DE ESTUDANTES		982.1	TOMBOLAS E RIFAS AUTORIZADAS ESTABLECIM.	
941.1	HOSPITAIS XERAIS		982.2	TOMBOLAS E RIFAS AUTOR. SEN ESTABLECIM.	
941.2	HOSPITAIS ESPECIALIZADOS		982.3	EXPOSICION FIGURAS DE CERA ESTABLECIM.	
962.1	DISTRIBUCION E VENDA DE PELICULAS		982.4	OUTRAS ATRACC.,SERVICIOS, FÓRA ESTABLEC.	
962.2	DISTRIBUCION E VTA MAI. PELICULAS		982.5	ORGANIZ.E CELEB.APOSTAS DEPORT.LOTERIA	
969.1	SALAS DE BAILE E DISCOTECAS		991	PREST.SERV.SOCIED.DESENVOLVEMENTO INDUS. REG.	
969.2	CASINOS DE XOGO		999	OUTROS SERVICIOS N.C.Ou.P.	

